



## **PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN NAS ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN FRENTE O COVID-19**

A Orientación é unha modalidade deportiva na que o obxectivo do participante é realizar no menor tempo posible e contra reloxo, un percorrido marcado no terreo por puntos de control, coa axuda única dun mapa (onde están representados esos puntos de control).

**A Orientación ten unha serie de puntos fortes que fan este deporte un firme candidato a retomar a actividade de forma gradual e relativamente rápida** (dentro duns parámetros a fixar polas autoridades e tendo en conta que debe primar a seguridade sanitaria de todos):

- Practícase, en xeral, de forma individual, non hai contacto entre participantes. Dende o momento que o orientador toma a saída, deber realizar o percorrido en solitario coa única axuda do mapa. Existen diferentes categorías, e ademáis, en cada unha delas, o participante executa a súa propia elección de ruta para chegar dun control a outro.

- A saída é escalonada, e os participantes saen espaciados ao longo de varias horas.

- E sobre todo, o noso deporte desenvólvese sempre ao aire libre. O noso terreo de xogo é o bosque, o monte, o campo, o río, as rúas das cidades, etc.; nunca en interiores.

- Os sistemas de cronometraxe e de publicación de resultados online evitan o contacto e concentración de persoas para a súa visualización.

Por todo isto, e vistas as recomendacións das autoridades sanitarias, e o proceso de desescalada en fases, cremos que **a Orientación atópase nunha boa situación de partida para poder cumprir cos requisitos esixidos, instaurando as medidas de protección precisas.**

**Xesta Natureza**

[info@xestanatureza.com](mailto:info@xestanatureza.com) / 644567614



## **MEDIDAS DE PREVENCIÓN EN ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN**

Algunhas das medidas que tomaremos poderán retirarse cando a crise baixe en intensidade, pero moitas chegan para quedarse.

As medidas preventivas que se enumeran teñen por obxecto posibilitar a celebración de actividades de Orientación minimizando todo o posible os riscos de contaxio por COVID-19.

Constitúen un documento con posibilidade de cambio en función dos requisitos esixidos en cada momento polas autoridades competentes, o Consello Superior de Deportes, a Secretaría Xeral para o Deporte, a Federación Galega de Orientación e a Federación Española de Orientación.

### **Xenéricas:**

- Deben cumprirse estrictamente as medidas marcadas polo Ministerio de Sanidade que se atopan en continua revisión e actualización e poden consultarse, en principio, na páxina web: <https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/home.htm>.
- A organización designará un Xefe de Seguridade que, velará polo cumprimento das normas de seguridade, sanitarias e hixiene fixadas pola organización da competición.
- O persoal da organización portará en todo momento mascarilla e guantes, e a ser posible, pantallas protectoras. Este persoal fará continuamente accións de limpeza persoal e de desinfección da súa área de responsabilidade.
- As organizacións realizarán montaxes máis sinxelas eliminando o superfluo e que implique grandes desprazamentos de material (arcos de saída e meta, tendas para participantes, podiums, etc.).

### **Antes e durante o día da actividade:**

- Será totalmente obrigatorio o uso de mascarilla dende o momento de acceder á zona de competición, ata o momento de abandonalo. O único intre no que será opcional o seu uso, e sempre seguindo as recomendacións sanitarias marcadas polo Ministerio de Sanidade en canto a actividades deportivas, será o propio momento da carreira (dende a saída ata a meta).
- As mascarillas serán propiedade e responsabilidade dos participantes. Nembargantes, a organización disporá de mascarillas por si nalgún intre algún dos participantes perde, deteriora ou ensucia a súa propia.
- En caso necesario faranse diferentes convocatorias ao longo do día por categorías, a efectos de evitar a coincidencia de demasiados participantes na zona de competición.

**Xesta Natureza**

[info@xestanatureza.com](mailto:info@xestanatureza.com) / 644567614



- En calquer caso, o número de participantes presentes no mesmo intre no centro de competición non excederá o estipulado polas autoridades competentes e ademáis terá unha relación directa coas dimensións espaciais dos lugares de concentración, recepción, saída e meta para poder asegurar a distancia social esixida.
- As inscricións realizaranse online, así como o seu pago (cando corresponda).

### **Zona de concentración:**

- Só poderán acceder participantes e organización a esta zona. Estará perfectamente indicada con itinerarios de ida hacia a saída e regreso da meta para abandonar o recinto. Non se permitirá o acceso a público.
- O acceso a esta zona estará controlado por persoal da organización cos medios recomendados e dispoñibles en cada momento: dispositivos de control de temperatura, dispensadores de xel desinfectante para o uso de participantes na entrada e saída desta zona, mascarillas, etc. Non se poderá acceder sen pasar dito control.
- Os participantes atoparase nesta zona o tempo imprescindible, gardarán a distancia de seguridade, e non se formarán aglomeracións ou reunións.
- En todo momento, e tamén nesta zona, levarase a mascarilla posta. Recoméndase tamén o uso de guantes.

### **Recepción:**

- Manterase a distancia social entre o persoal de recepción e os participantes por medio de espazos intermedios acotados. Ademáis disto, non se entregarán dorsais.
- Non se empregarán tarxetas SportIdent na actividade, senón que os participantes empregarán o seu propio móbil cunha app de lectura de códigos qr, minimizando así o contacto físico con elementos da actividade. A información do uso desta app darase nos emails de inscrición, e nunca no propio evento.

### **Pre-saída e saídas:**

- Alongarase o tempo de duración total das saídas, diminuindo o número de participantes na zona de competición e na carreira propiamente ditas.
- Non haberá listados de saída expostos para consulta de participantes.
- Habilitaranse tantas saídas como sexan precisas para distribuir aos participantes en relación co tempo dispoñible para evitar aglomeracións.

**Xesta Natureza**

[info@xestanatureza.com](mailto:info@xestanatureza.com) / 644567614



- Fixarase un número máximo de participantes en cada saída que permita unha distancia social axeitada entre os que realizan cada posta.
- No caso de saídas grupais (persoas que realizan a inscrición en grupos de non máis de 4 persoas), é responsabilidade total dos participantes manter as distancias sociais establecidas. Estes grupos estarán formados por persoas convivintes, que validaron esta información na inscrición. Calquera falsedade na validación desta información é responsabilidade dos participantes.
- Establecerase un protocolo de entrega de mapas que limitará o contacto físico.
- Unha vez collido o mapa, e situado o participante na saída, poderá desprenderse da mascarilla, a cal será responsabilidade do propio participante.

### **Carreira:**

- Non será obrigatorio o uso de mascarilla en carreira, salvo que as normas establecidas polo Ministerio de Sanidade en canto ao uso das mesmas en actividades deportivas obliguen o contrario.
- No posible, os trazados dos distintos percorridos terán diferentes controis iniciais para permitir unha rápida dispersión dos participantes.
- Os participantes manterán a distancia axeitada cando realicen un tramo na cercanía de outro participante. Evitarase transitar detrás doutro participante.

### **Meta:**

- O percorrido balizado dende a última baliza á meta será o suficientemente ancho como para que permita a carreira final de participantes mantendo as distancias precisas entre eles.
- A cada participante, unha vez traspasada a liña de meta, se lle facilitará algún produto de desinfección para as mans.
- Estas persoas, unha vez chegado a meta, estarán obrigadas a poñer de novo a mascarilla, e ao non existir descarga de tarxeta, nin avituallamento, abandonarán o antes posible tanto esta zona como a de de competición.
- No caso de que os participantes non dispoñan de mascarilla nese intre, a organización facilitaralle as que fagan falla nese intre.

**Xesta Natureza**

[info@xestanatureza.com](mailto:info@xestanatureza.com) / 644567614



**Avituallamento:**

- Na maioría dos casos, non existirá avituallamento tras a carreira, para evitar ao máximo o posible contacto entre participantes. Os participantes deben ter previsto a posibilidade de ter que realizar o seu avituallamento ao chegar ao seu vehículo, ou portalo en carreira.
- Nos casos concretos nos que sí exista avituallamento, serán recipientes individuais, previamente desinfectados e en cuarentena.

**Entrega de premios:**

- Non se entregarán premios físicamente aos participantes. Podería remitirse un diploma acreditativo que pode ser impreso no domicilio.